



Compostela
Cultura

AUDITORIO DE GALICIA

**REAL
FILHARMÓNIA
DE GALICIA**

2018 → 2019

**MÉRCORES 14
NOVEMBRO 2018
20.30 h**
Auditorio de Galicia

#CINEUROPA32
SANTIAGO DE COMPOSTELA
DO 7 AO 28 DE NOVEMBRO DE 2018

Helmut Imig Director



PROGRAMA

O gabinete do Doutor Caligari

(Das Kabinett des Doktor Caligari)
de Robert Wiene
Música de Timothy Brock (1996)

REPARTO

Werner Krauss	Dr. Caligari
Conrad Veidt	Cesare
Friedrich Feher	Francis
Lil Dagover	Jane
Hans Heinz von Twardowski	Alan
Rudolf Lettinger	Dr. Olsen
Hans Lanser-Ludolff	o ancián na banca
Rudolf Klein-Rogge	o home cun coitelo
Henri Peters-Arnolds	o doutor xove
Ludwig Rex	o criminal
Elsa Wagner	a caseira

FICHA TÉCNICA

Ano	1919
Xénero	Drama
Dirección	Robert Wiene
Guión	Carl Mayer, Hans Janowitz
Dirección artística	Hermann Warn, Walter Reimann e Walter Böhrig
Produción	Rudolf Meinert, Erich Pommer
Fotografía	Willy Hameister
Música orixinal	Giuseppe Becce
Nacionalidade	Alemaña
Distribución	Decla Bioscop
Duración	72 minutos

Duración aproximada do concerto: 1 hora e 15 minutos

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Director artístico titular

Paul Daniel

Principal director invitado

Jonathan Webb

Director asociado

Maximino Zumalave

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Paul Daniel é, dende 2013, o seu director titular e artístico; Maximino Zumalave o seu director asociado e Jonathan Webb o principal director convidado. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo. A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG é financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

VIOLÍNS I

Teimuraz Janikashvili (concertino)

Adriana Winkler

(axuda de concertino)

Anca Smeu **

Daniel Kordubaylo

Ildikó Oltai

Victoria Jurov

Anna Alexandrova

Yulia Petrushevskaya

Claudio Guridi

Ilya Fisher

Michał Ryczel

VIOLÍNS II

Grigori Nedobora *

Nikolay Velikov **

Samira Ajkic

Irina Gruia

Enrique Roca

Helena Sengelow

Elina Viksne

Gyula Vadaszi

Kiyoko Ohashi

VIOLAS

Tilmann Kircher *

Natalia Madison **

Oxana Bakulina

Anne Schlossmacher

Timur Sadykov

Ionela Ciobotaru

VIOLONCELLOS

Plamen Velev *

Barbara Switalska **

Ailsa Lewin

Carlos García

Millán Abeledo

Thomas Piel

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez *

Alfonso Morán **

Oriol Xicart

CLAVE

João Lima (R)

HELMUT IMIG

Director

Natural da cidade alemá de Bonn, o mestre Helmut Imig estudou Dirección e Piano na Musikhochschule en Colonia, cos profesores Von der Nahmer e Schmidt. De maneira simultánea, estudou Musicoloxía na Universidade de Bonn.

No ano 1964 foi premiado cunha bolsa para continuar a súa formación en París co director de orquestra Pierre Dervaux e a pianista Annie D'Arco. Concluíu os seus estudos coa distinción "Licence de Concert". Con posterioridade realizou clases maxistras cos mestres Franco Ferrara en Venecia e Igor Markevitch en Madrid.

Despois de trinta anos de experiencia como director en salas de concertos, foise especializando cada vez máis en música de vangarda. E, dende hai 20 anos, traballa en música para películas mudas. Restaurou algunhas partituras orixinais de Saint-Saëns, Mascagni, Hindemith, Meisel ou Shostakóvich, entre outros. Coas súas propias recompilacións e instrumentacións realiza xiras por Alemaña e foi convidado a Italia, Austria, Eslovenia, Hungría, México, Brasil, Nova Zelandia, Países Baixos, Gran Bretaña e Francia.

Sentado nun banco dun parque, Francis anima ao seu compañeiro Alan para que vaian a Holstenwall, unha cidade do norte de Alemaña, a ver o espectáculo ambulante do doutor Caligari. Un empregado municipal que lle nega ao doutor o permiso para actuar, aparece asasinado ao día seguinte. Francis e Alan visitan ao doutor Caligari e a Cesare, o seu axudante somnábulo, que lle anuncia a Alan o seu porvir vivirá ata o amencer.

Estreado nas salas de cinema en 1920, *O gabinete do Dr. Caligari* é un filme mudo alemán de Robert Wiene (1873-1938) que conta a historia dunha feira que se instala nunha pequena localidade cunha atmosfera estranamente medieval. Un home maior chamado Doutor Caligari exhibe nesa feira un rapaz sonábulo, Cesare, con dotes de clarividencia. Durante unha sesión, vaticina a outro rapaz, Alan, que estará morto á mañá seguinte. A súa premonición faise realidade. O amigo do rapaz, Francis, encontra que o estrano médico e a súa criatura teñen algo que ver con iso e comeza a vixialos obsesivamente...

No filme dividido en 6 actos, o realizador -en contra da opinión dos argumentistas- inseriu un prólogo no que dous homes conversan nun banco, ata a aparición fantasmagórica dunha muller, Jane que o heroe presenta como a súa noiva. O breve epílogo tamén é aberto, sembrando a dúbida sobre o espectador. O *Gabinete* é uha cinta sobre a loucura e non se sabe cal dos dous, Francis ou o Doutor, é o verdadeiro tolo.

A historia comeza cos guionistas Carl Mayer, un dos máis importantes no cine mudo alemán e colaborador de F.W. Murnau, e Hans Janowitz conectados polo antimilitarismo que ambos compartían, nos últimos anos da I Guerra Mundial. En seguida pensaron en

escribir unha historia para o cinema a partir dun feito vivido por Janowitz nun parque de atraccións en Hamburgo en 1913 onde quedou prendado dunha muller á que seguiu ata uns arbustos, dos que logo saíu un home; a prensa publicou que a rapaza foi asasinada na feira. Mesturando esa vivencia co ambiente alemán de posguerra, crearon unha historia sórdida que implicaba un espectáculo de variedades e misteriosos crimes.

O guión non estaba protagonizado polo típico criminal, senón por un médico (ao parecer inspirado no neurólogo Jean-Martin Charcot) que empregaba os seus coñecementos para facer mal a través dun sicario. A idea era moi poderosa na época, pois xogaba coa hipnose que para o gran público era un concepto case novedoso a medio camiño entre a ciencia e a charlatanería.

Os guionistas presentaron a historia ao produtor Erich Pommer nos estudos Decla-Bioscop. Segundo a lenda, parece que inventada por Pommer e Janowitz, mentres este e Mayer a venderon como unha obra que debía ter un tratamento artístico, Pommer vía unha produción macabra barata. Posteriormente demostrouse que o filme naceu como unha produción de prestixio e, finalmente, o produtor foi Rudolf Meinert.

O gabinete do Dr. Caligari, especial pola súa estética absolutamente única e atrevida, é considerado como o nacemento do cinema expresionista, pero tamén do xénero de terror. Pedra angular dese movemento expresionista reúne as características técnicas e estéticas do xénero sendo un dos filmes máis representativos da súa época pola intelixencia das súas ideas, pola fina línea que debuxa entre a tolemia e a cordura e polo seu desenvolvemento en íntimos espazos personais.

Algunhas claves que marcan a cinta son os tratamentos dos escenarios, a traballada iluminación ou os estranos decorados sobre tea baseados nos supostos do expresionismo que o director Robert Wiene -cuxa contribución como director foi inxustamente infravalorada- encargou aos artistas vinculados á revista expresionista Storm, Hermann Warn, Walter Reimann e Walter Böhrig, pensando en usar a cámara estática e rodar nun estudio realmente pequeno para acadar esa sensación de pouca liberdade de movemento e claustrofobia.

Estes rexeitaron calquera intención de reflectir a realidade e preferiron unha representación irreal, con influencias cubistas que inevitablemente lembran a Francis Bacon -Warn destaca a estreita vinculación entre o filme e a pintura-. Mostran unha clara preferencia pola liña recta, os ángulos marcados, unha arquitectura asimétrica visible en edificios, portas, fiestras, chimeneas, etc. As teas como escenarios favorecen a perda de profundidade de campo, aportando maior sensación de angostura e irrealidade e creando un clima ameazador, asfixiante, tétrico que converte os personaxes en vítimas das súas propias circunstancias e do que os rodea. Escenografía que sumada aos movementos de cámara, intérpretes, encadres, etc, remite á época do cine cuxa vinculación co teatro era moi estreita, chegando incluso a estruturar o filme en actos. Decorados e criterios estéticos da cinta cumpren unha función moi ligada á trama pois transportan ao espectador a un espazo interior pechado que o arrastran onde os personaxes.

O magnífico contraste de luces e sombras é empregado con pericia -grazas ao uso de espazos interiores-, de tal forma que a luz cae abundante nos elementos aos que se pretende dar maior irrealidade e aos rostros dos personaxes, como no caso de

Jane, que no inicio e no final do filme semella unha aparición espectral, efecto tamén conseguido na contraste oscura da vestimenta de Cesare.

Ademais da luz, sobre os intérpretes incide a imprescindible maquillaxe para a caracterización de cada personaxe, remarcando faccións: o doctor Caligari aparece convertido nunha especie de ser repulsivo, que inspira desconfianza; Cesare que aparece, como se dun morto vivinte se tratase, cos ollos afundidos nas órbitas esaxeradas con pintura negra e alongadas pestanas ou a sensación etérea, fantasmal e frágil que transmiten os suavizados rasgos de Jane.

O fillme marca a xeracións de cineastas desde Tod Browning a Tim Burton con *Pesadelo antes de Nadal* aínda que coa dirección de Henry Selick, foi creada e producida por Burton o mesmo que acontece co tratamento estético que da Terry Gilliam a *Brazil* e *Doce Monos*, pasando por Hitchcock (a cena do asasinato de Alan fai pensar en *Psicose*) ou Brian de Palma que, n'*O fantasma do Paraíso*, lembra con humor a representación vertical de Cesare no seu ataude.

O gabinete do Dr. Caligari e a música

O filme contou orixinalmente con música do compositor alemán Giuseppe Becce, alumno de Nikisch e Busoni, traballou no cinema con Fritz Lang e asumiu ao mesmo tempo, o papel principal e o de compositor na cinta biográfica de Wagner realizada por Carl Fröhlich en 1913.

Ademais, nas últimas décadas fíxose habitual, por exemplo, durante traballos de restauración dun filme, encomendar a compositores contemporáneos novas partituras. Varios autores, de diversas orixes musicais, enfrontáronse ao *Doutor Caligari*, entre

eles, algúns compositores especializados neste tipo de obra como Timothy Brock, en 1996, ou máis tarde Donald Sosin ofreceron a súa perspectiva musical do filme, ademais de Rainer Viertblöck ou o Two Stars Symphony Ensemble, de Houston. Na edición do Festival de Berlín de 2014, foi estreada unha nova versión restaurada coa música encomendada a John Zorn, mentres o canal *Arte* (colaborador no proxecto de restauración xunto á Fundación Murnau e o canal alemán *ZDF*) retransmitía a mesma versión cunha partitura de varios compositores, entre eles Pablo Beltrán, Martin Bergande, Hong Ting Lai ou Cornelius Schwer...

A música que hoxe acompaña ao filme é un encargo da Filharmónica de Bruxelas a Timothy Brock que a describe así “Escribín a partitura para o Dr. Caligari para unha nova estrea restaurada da película en 1997. Como non tiña información da partitura orixinal escrita para a primeira estrea do filme en 1920, o meu único modelo para unha nova partitura eran pezas que inspiraron ao director Robert Wiene cando creou a cinta. Isto incluíu a *Noite transfigurada* de Schoenberg de 1899, e seguí a formación do sexteto de cordas solistas encaixadas nunha gran orquestra de cordas, ademais de clavicémbalo obrigado para darlle cor á obra. Como estudante do repertorio alemán de comezos do século XX foi un gran pracer inspirarme en obras mestras que coñecía e amaba, espero que sen apropiarme delas demasiado. Posteriormente, a produtora Bertelsmann pedíume que fixera unha nova edición para adaptar a miña partitura á restauración máis recente, que foi estreada en Bruxelas en 2014. Compráceme que o público siga encontrando o filme (e en menor medida, a música) tan bela e interesante como sempre”.

Xoves 22 de novembro
20,30 h
Primavera Apalache

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Erik Nielsen, director

F. J. Haydn, *Sinfonía núm. 93 en Re maior*
(Primeira das sinfonías Londres)
C. Debussy, *Primavera*
A. Copland, *Appalachian Spring*, rev. 2016
(Primavera dos Apalaches)

Xoves 29 de novembro
20,30 h
Tras as liñas

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Paul Daniel, director
Isabel Villanueva, viola

C. Coles, *Behind the Lines* (Tras as liñas)
W. Walton, *Concerto para viola e orquestra* (versión 1962)
F. Delius, *A song before Sunrise*
(Unha canción antes do amencer)
F. J. Haydn, *Sinfonía núm. 94 en Sol maior*, 'A sorpresa' (Segunda das Sinfonías Londres)

19,45 h
Conversando con ... Paul Daniel e Isabel Villanueva



CONSORCIO DE
SANTIAGO



GOBIERNO
DE ESPAÑA



CONCELLO DE
SANTIAGO



XUNTA
DE GALICIA



AUDITORIO DE GALICIA



Deputación
DA CORUÑA

AUDITORIO DE GALICIA

Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)
T 981 542 349 (Teatro Principal)

OFICINAS

T 981 552 290 | T 981 574 152

www.rfgalicia.org
www.compostelacultura.gal



RealFilharmoniadeGalicia
CompostelaCultura



@rfgalicia
@CCultura